


Biografía

Día das letras galegas 2014



**GRUPO DE TRABALLO «LINGUA E POESÍA.
XOSÉ DÍAZ CASTRO NO DÍA DAS LETRAS»**

Barca Gómez, Marta
Pedrosa Moreno, Julio
Magalhaes Alonso, Laura
Pena Sánchez, Iván
Domínguez Pérez, Luísa
Andrés Losada, Rosa María
Suárez Hermida, Mario Ramón
Gutián Valeiro, Francisco
Herrero Mayor, Armando Xosé
Santiso Andrade, Paz

**GRUPO DE TRABALLO «X. DÍAZ CASTRO NA
REDE. ACTIVIDADES TICS INFANTIL E PRIMA-
RIA»**

Barca Gómez, María
Vidal Dopazo, María José
Picado Rodríguez, José Antonio
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Hortas González, Isabel
Félix Cedeira, María del Carmen
Rodríguez Rodríguez, Carlos
Fernández de Sanmamed Maneiro, M^a José
Ojea Montes, María Pilar
Vidal Bariego, Laura

COLEXIOS PARTICIPANTES

CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Milladoiro, de Malpica
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP O Cruce, de Cerceda
CEIP Pardo Bazán, da Coruña
CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo
CEIP Portofaro, de Cambre
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás
CEIP W. F. Flórez, de Cambre
CPI O Cruce, de Cerceda
CRA de Culleredo

ASESORÍA PEDAGÓXICA

Celina Santamaría Recio

MAQUETACIÓN E DESEÑO GRÁFICO

Manuel Paz Anido (www.edugaliza.org)

AGRADECEMENTOS

Á Real Academia Galega, á Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, a Nélida, a Carlos Gallego Domínguez, a María Bao Fente, a Alejandra Campo Penín, a Maryem Sali Duque pola súa colaboración, paciencia e xenerosidade.



EDITA

Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
www.seminariogalan.org



OS PRIMEIROS ANOS



Xosé María Díaz Castro naceu na aldea dos Vilares, do concello lugués de Guitiriz, un 19 de febreiro de 1914, no seo dunha familia labrega. O núcleo familiar estaba composto polos pais, os catro irmáns: Antonio, María, Xosé María e Serafín, xunto cunha tía solteira, María Manuela.

Os primeiros anos da vida de Xosé María transcorreron na súa aldea, botando unha man nas faenas agrícolas e gandeiras da familia, polo que o contacto coa natureza era constante. Contacto que marcará a temática de parte da súa poesía. Non era a casa de Xosé María unha casa labrega convencional, senón que nela ten acceso á prensa diaria e mesmo conta cunha modesta biblioteca.

O pai de Xosé María tiña un certo nivel cultural e chega a compaxinar os labores agrícolas co traballo como escribinte no concello, durante vinte e un anos, chegando a presidir o Sindicato Agrario Católico na súa aldea dos Vilares.

Os estudos primarios realízaos Xosé María na escola da aldea veciña de Buriz, á que se despraza diariamente polo carreiro paralelo ao río Porto.

Eses desprazamentos desaparecen ao construírse a Escola da Conchada, nos Vilares, escola sufragada polos emigrantes locais en Cuba e na que recibirá clase a rapazada do lugar. Naquel tempo conviven tres aulas abertas: dúas na Conchada, a de nenos e nenas, e outra mixta nunha das casas dos arredores.

En 1926, con doce anos de idade, acada o primeiro premio dun concurso de narración na



Casa natal de Xosé María nos Vilares, Guitiriz



Placa na casa onde naceu o poeta

localidade de Betanzos ao escribir unha loa á travesía realizada por Ramón Franco, Ruíz de Alda, Durán e Rada a bordo do hidroavión Plus Ultra, co que conseguiron atravesar o Atlántico dende España a Arxentina. Non é o seu único recoñecemento, xa que intervén, como declamador, na inauguración dalgunha obra pública no concello de Guitiriz.



Xosé María, cos seus irmáns, os seus mestres e a súa tía

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos



Os catro irmáns, Antonio, María, Serafín e Xosé María

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos

No ano 1929, xa con quince anos, ingresou Xosé María no Seminario lugués de Mondoñedo para seguir os estudos eclesiásticos.

O Seminario de Mondoñedo, coñecido como Real Seminario de Santa Catarina, sempre salientou pola defensa da nosa cultura e idioma. Polas súas aulas pasaron numerosos intelectuais e escritores en lingua galega como Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Trapero Pardo... e Aquilino Iglesia Alvariño co que coincide Xosé María nos seus primeiros anos de estancia no Seminario.

Aquilino Iglesia viña de publicar o seu libro de poemas «Señardá» que espertou en Xosé María a curiosidade pola poesía en galego, xunto con lecturas en lingua portuguesa.

A estancia de Xosé María no Seminario prolongase durante sete anos, nos que comeza a escribir e publicar poesía, concretamente no xornal «El Progreso Villalbés».

Os seus primeiros poemas, en galego, levan por título «Pasiónaria» e «Pensamiento», escribidos á idade de dezaseis anos e ambientados na natureza. A estes dous poemas seguironlle outros xa con temáticas diferentes: relixiosa, paisaxística... e alternando o galego e o castelán.

É durante esta época na que prepara dous cadernos de poemas: «Follas verdes» e «Follas ó aire», ambos os dous desaparecidos, usando o galego para poemas inspirados na natureza e o castelán para os de temática relixiosa.



O Seminario de Mondoñedo



No Seminario, cun grupo de compañeiros

A GUERRA CIVIL



Ao saír do Seminario Xosé María ten que incorporarse a filas no exército, sendo destinado ao Corpo de Sanidade Militar na cidade da Coruña. Ao comezo da Guerra Civil, unha vez ocupada Galicia polas tropas franquistas, pide ser destinado á fronte de Asturias, como membro da Sanidade Militar.

A experiencia resultoulle traumática e, despois dunha semana no campo de batalla, os seus xefes convéceno de que volte a Galicia e destínanlo ao Hospital Militar de Pontevedra, posto no que seguirá os seguintes dous anos e medio. Durante este tempo mantén correspondencia postal cunha «madríña de guerra» vasca que se convertirá, anos despois de rematada a Guerra Civil, na súa muller.

O final da guerra supón tamén a volta, por presións paternas, ao Seminario de Mondoñedo, aínda que esta nova etapa só durará uns poucos meses.

O seu amigo Aquilino Iglesia ofrécelle un posto de traballo, como mestre de latín e inglés, no colexio León XIII, de Vilagarcía, traballo que Xosé María acepta.

A súa estada en Vilagarcía como ensinante prolóngase durante sete anos, tempo que adica a convalidar os seus estudos do Seminario, ampliar os seus coñecementos de idiomas e escribir novos poemas. En 1946 participa nos Xogos Florais de Betanzos acadando o primeiro premio nos dous idiomas do certame, galego e castelán. O seu poema en galego levaba por título «Nascida dun soño», unha serie de sonetos adicados á muller betanceira.



Aquilino Iglesia Alvariño



Xosé María cos profesores do colexio León XIII, de Vilagarcía

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos

Unha vez que abandona a docencia en Vilagarcía volta aos Vilares, aproveitando o tempo para preparar unhas oposicións, que aproba e é destinado como tradutor ao Ministerio da Gobernación en Madrid.

Neste destino traballa ás ordes dun xefe militar traducindo documentación relacionada coa seguridade militar e policial.

Compaxina o seu traballo no Ministerio coa docencia como profesor de linguas clásicas e modernas (francés, inglés e alemán) durante tres anos.

Xa en 1952 é destinado ao Instituto de Cultura Hispánica e posteriormente ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), este momento coincide cun período no que Xosé María abandona a creación literaria e se centra máis na súa vida familiar.

Nesta época é o responsable, no Instituto de Cultura Hispánica, da tradución de varios idiomas: francés, inglés, alemán, portugués, italiano, holandés e linguas escandinavas.

En 1954 contrae matrimonio coa que fora a súa «madríña de guerra», María Teresa Zubizarreta Bengoechea e coa que terá tres fillos: José Mari, Maite e Íñigo, que nacerán, por decisión da nai, en Villareal de Urretxu, en Guipúscoa.

Nesta etapa segue a traballar, durante o día, no Instituto de Frío, dependente do CSIC e, pola noite, na casa facendo traducións para editoriais.

A finais dos anos sesenta acada os diplomas de tradutor de inglés e alemán da Escola de Idiomas Modernos da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade madrileña.



Xosé María Díaz Castro



Na voda con Teresa Zubizarreta

Dende Madrid colabora con diarios como «La Noche» ou «La Hoja del Lunes» da Coruña, así como en revistas de literatura como «Alba», compaxinando os idiomas galego e castelán.

Francisco Fernández del Riego inclúeo na súa «Escolma de Poesía Galega» e cítao como un dos poetas fundamentais do país.

Na «Festa da Poesía» celebrada na primavera de 1959 polo Centro Galego de Madrid e organizada por Xosé Ramón Fernández-Oxea, máis coñecido por Ben-Cho-Shey, dará Díaz Castro un dos dous recitais poéticos da súa vida. Neste recital estivo acompañado, entre outros, por Fernández Ferreiro e Bautista Álvarez.



Xosé María Díaz Castro

NIMBOS



Díaz Castro publica en 1961, a recompilación dalgúns dos seus poemas compostos ao longo da súa vida. Esta vai ser a súa única obra publicada e vai levar por título «Nimbos».


Esta edición é realizada pola Editorial Galaxia, de Vigo, e sae á rúa un nove de xullo, sendo recibida con críticas e comentarios moi favorables.

O título de «Nimbos» foi posto polo mesmo Xosé María para explicar o sentido da súa poesía: «O nimbo é a aureola dos santos, a que arrodea a súa cabeza, unha aureola de gloria. É como unha aureola que lle poñemos ás cousas para facelas resaltar máis».


Ramón Otero Pedrayo, nun texto inédito sobre «Nimbos» reproducido polo profesor Xerardo Rodríguez e publicado na revista da Asociación Cultural Xermolos, clarifica o significado da poesía de Díaz Castro:

«Unha voz de home agradecido ao don da liberdade soa nestes poemas como na carballeira profunda as voces graves e verdadeiras dos leñadores. Pasan longas ringleiras de carros de pólas e de toros de experiencia e esténdese unha fragancia de gándara fría, de cociña antiga a cuxo lume nos sentamos. Para chegar a estes poemas sinxelos, de palabras devoltas ao seu candor poderoso de aves ensaiando a súa primeira mañá, o poeta tivo que manexar, con forza de amor e caridade, a macheta e queimar moita leña, verde e crepitante aínda para lograr a cinsa branca e cálida, fariña de lembranzas. Tiveron que ser illados na xuventude estes versos da corrente poderosa, múltiple, invisible.

A man salvounos do destino común do río. O espírito traballado na contradicción dialéctica buscounos para asegurarse como busca o estudoso aridecido na análise a bondade das cousas que lle encantaban de neno».




Primeira edición de Nimbos, realizada por Galaxia



Tamén Álvarez Blázquez lle adica comentarios eloxiosos á obra de Díaz Castro, calificando «Nimbos» como un libro luminoso e un regalo da alma. Califica o léxico usado polo poeta como demasiado fiel ao círculo comarcal pero iso, precisamente, é o que lle garante, aínda máis, a autenticidade da súa voz, chegando a comparar a súa poesía coa de Nicomedes Pastor Díaz e Rosalía de Castro.


Ánxel Fole, nun artigo no xornal Faro de Vigo, califica a Díaz Castro como «*un poeta de revelación tardía. A súa poesía arrecende a terra húmida, a auga do río, a plantas do monte*».

En 1982 aparece unha nova edición de «Nimbos» esta vez da man da Editora Nacional, coa versión en galego e castelán e con prólogo de Ricardo Carvalho Calero.



Manuscrito de Nimbos

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos



Xosé María Díaz Castro

En agosto de 1984, dá Xose María o seu segundo recital poético con ocasión do «Agosto Cultural» organizado pola Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz.

O acto foi presentado polo tamén poeta Manuel María e nun artigo recolleu a impresión que lle causou Díaz Castro no recital: «Unha verdadeira lección de autenticidade. O pudor do poeta, a inseguridade e mesmo o nerviosismo, déronlle unha dimensión humana á lectura dos seus versos, que nos emocionou».


Ao chegar á idade de xubilación decide voltar a Galicia e asentarse, en 1985, definitivamente no seu Guitiriz natal.

Ao ano seguinte participa nos actos para conmemorar o Día das Letras Galegas, adicado ao que fora o seu amigo de xuventude e seminarario Aquilino Iglesia Alvariño, contribuíndo a estes actos cunha conferencia e un artigo na revista Dorna e que leva por título «Iglesia Alvariño na miña lembranza».

No Círculo das Artes de Lugo, en xaneiro de 1988, preséntase o vídeo «Xosé María Díaz Castro. Nimbos de Poesía», con presenza de numerosos intelectuais galegos e en febreiro é, de novo, Carvalho Calero quen pronuncia unha conferencia na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago sobre a poesía de Díaz Castro.

En outubro dese mesmo ano morre, en Urretxu, a súa dona, o que afecta á saúde de Xosé María xa de por si delicada por problemas cardíacos.

O 2 de outubro de 1990, despois dunha estancia hospitalaria no Xeral de Lugo, falece Xosé María á idade de 76 anos, sendo soterrado no cemiterio de San Xoán de Lagostelle, en Guitiriz.



No Festival de Pardiñas, con Dario X. Cabana

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos



Xosé María Díaz Castro

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos

COMA UN RÍO



Coma un río quixera eu ser: cantar
con estrelas no lombo cara ó mar,
deixando unha chorima en cada pedra,
e unha bágoa de Deus en cada herba.

Hai unha cousa clara coma o sol:
prós nosos ollos non está feita a lus
do mundo, o abrente frío que se abreu
cando abrimos os ollos sobre o mundo.

E eu coma a néboa sobre os outos montes
que lles cobre a ferez e mailas bágoas;
e eu coma a estrela que entra polo oco
do lousado do pobre na agonía.

Hai unha cousa clara coma a lus:
que non é para nós a música do mundo,
a promesa raiante da hora enorme
en que se dixo: *¡outro home veu ó mundo!*



Na Casa do Labrego de Baamonde cun grupo de amigos

Arquivo RAG - A. Cultural Xermolos

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron, Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!



Xosé María Díaz Castro

Xa se fincou nas pereiras
a primavera. Sentín
o vou-e-non vou de marzo.
¡Xa non hai piedade pra min!

Pasou rispándome a quina
dun cabalo que non vin.
Brandeuse o ceo de vidro
aló por Ponte-Gafín.

Crebouse a paz coma un fío
nos dentes de abril.
Perdido no remuíño,
¡xa non hai piedade pra min!

Ti, cabelos de ouro e de aire,
nena, ¿en que ceo te vin?
Chuchoume unha meiga os ollos,
ti xa non es metá de ti.

Torceuse a eixo das cousas,
toleou folla e raíz,
moscáronme os soños, caio...
!Xa non hai piedade pra min!

Pro tralo fume revoltó
de todo o que caí, sentín
que Deus andaba a xogar.
¡Inda hai piedade pra min!



Diante do seu busto na aldea dos Vilares